



ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DE DOUS AXENTES DE POLICIA POLO SISTEMA DE MOBILIDADE.

O 12 de agosto de 2019 as 12:30 horas reúnese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial o tribunal cualificador.

Asisten, como presidente Don Miguel Martínez Díaz, como vogais dona María Inmaculada Buján Arias, Don Manuel Díaz Meira e D. Nestor Alvarez López e como secretaria dona Elisa Martínez Arias.

Primeiro.- En primeiro lugar dáse conta ó tribunal d as alegacións recibidas hoxe 12 de agosto do 2019 no concello dos aspirantes excluídos provisionalmente do proceso selectivo, Don JOSE RAMON CANDAL MIRANDA, don SALVATORE DE FUSCO GOYANES e don ALBERTO RINCON BUENO.

Ditos escritos foron presentados en prazo o 05/08/2019 no Concello de Sarria sen embargo non foron recibidos neste ata hoxe, polo que non puideron ser tidos en conta na sesión de data 08/08/2019 na que se propuxo a lista definitiva e o resultado do proceso selectivo, polo que procede examinalas agora.

Ambos escritos, un de Don JOSE RAMON CANDAL MIRANDA e don ALBERTO RINCON BUENO e outro de don SALVATORE DE FUSCO GOYANES, fundaméntanse unicamente en que a causa da súa exclusión é o núcleo esencial do recurso de reposición que estes presentaron contra as bases da convocatoria que xa foi desestimado pola XGL deste concello, e que aínda se pode interpoñer recurso contencioso administrativo contra dito acordo da XGL, solicitando polo tanto ser admitidos.

Ditas alegacións deben ser desestimadas integramente polos motivos expostos no informe de data 26 de xullo do 2019 da Técnico De Administración Xeral de Secretaria deste Concello, Secretaria deste Tribunal, que serviu de motivación ó acordo de XGL de data 01/07/2019 ó incorporarse ó seu tenor literal ó mesmo, cuxas consideracións xurídicas acepta e ratifica o tribunal para confirmar a exclusión dos aspirantes Don JOSE RAMON CANDAL MIRANDA, don SALVATORE DE FUSCO GOYANES e don ALBERTO RINCON BUENO. Manténdose inalterada por tanto a proposta de lista definitiva de admitidos e excluídos da sesión deste tribunal de data 08/08/2019.

Por outra banda a Secretaria do tribunal informa os restantes membros que por erro non se incluíu no certificado elaborado pro esta de data 09/08/2019 relativo ós acordoa da sesión do 8 de agosto do 2019 o acordo de inadmitir os méritos aportados polo aspirante don Roberto Cameselle Fernández en escrito de 26/07/2019 e RE 11517 en aplicación do disposto nas bases que prohibe ter en conta os documentos non acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.

E de que dito acordo si consta na acta asinada por todos os membros do tribunal.



Non habendo mais asuntos que tratar sendo as 13:30 o señor presidente levanta a sesión da que eu como secretaria dou fe.

PRESIDENTE



SECRETARIA

VOGAIS